

ÚTIL

11

A+

A-

AROUSA

O deseño en madeira da estación marítima de Vilanova faina única en España

O edificio está revestido cun material novo, con durabilidade para 80 anos

BEA COSTA

vilagarcía / a voz 12 de outubro de 2012 04:51

★ ★ ★ ★ ★ 2 votos



A madeira coa que se revestiu a flamante estación marítima de Vilanova non é unha madeira calquera. Trátase de madeira acetilada, que recibe tratamento químico pero sen biocidas e que ten unha durabilidade de 80 anos sen tratamento, e é a primeira vez que se usa en España para unha obra pública. O feito non pasou inadvertido para o Centro de Innovación e Servizos da Madeira (CIS) que decidiu distinguir a este edificio polo seu carácter pioneiro e innovador.

Este logro é froito da posta en común de Portos de Galicia -administración promotora da obra-, do estudo de arquitectura que deseñou o edificio e do CIS Madeira, que asesorou aos técnicos no uso deste novo material.

Desde a Confederación Galega de Empresarios da Madeira facíase en marzo pasado un chamamento para que o sector e os arquitectos traballasen de xeito conxunto para implantar este novo material «que vai cambiar a forma de construír», e Vilanova converteuse en punta de lanza. «Esta é unha obra

SABER MÁIS...

Vilanova de Arousa

Publicidad



coa que todo o mundo está satisfeito», sinalaba onte o presidente de CIS Madeira, Manuel Touza, co gallo dunha visita realizada á estación marítima de Vilanova. Unha satisfacción da que se fixeron eco tamén o presidente de Portos de Galicia, José Juan Durán, o arquitecto autor do proxecto, Ángel Cid, e o delegado territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, Ignacio Rial. Todos eles se deron cita na estación marítima co fin de dar a coñecer esta iniciativa e contribuír así a abrir novos mercados en Galicia.

Non é fácil porque, aínda que a materia prima é o piñeiro, esta industria require «unha selvicultura perfecta», segundo explicou Touza. De momento, a única fábrica de madeira acetilada atópase en Holanda e é alí onde se está implantando tanto en obras particulares como grandes proxectos de enxeñería. «\ materia prima, tecnoloxía e coñecemento. Non debemos perder esta oportunidade», indicou Ignacio Rial.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)
Inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no Tomo 2438 do Arquivo,
Sección Xeral, aos folios 91 e seguintes, folla C-2141. CIF: A-15000649.

[Aviso legal](#)
[Política de privacidade](#)
[Condições xerais](#)

WEBS DO GRUPO

[Radiovoz](#)
[V Televisión](#)
[Voz Audiovisual](#)
[Sondaxe](#)
[CanalVoz](#)
[Voz Natura](#)
[Fundación](#)
[Programa Prensa-Escuela](#)
[Escola de medios](#)

CONTACTA

[Contacto xeral](#)
[Cartas ao director](#)
[Envío de fotos](#)
[Envío de vídeos](#)
TARIFAS WEB
[Consultar](#)
[OJD](#)

REDES SOCIAIS

[Facebook](#)
[Twitter de La Voz](#)
[Twitter das edicións](#)
[Twitter de La Voz deportes](#)
[Tuenti](#)
[Google +](#)
[Portal de Youtube](#)

SERVIZOS

[Bolsa](#)
[Hemeroteca web](#)
[Procura de necrolóxicas](#)
[Buscavoz](#)
[Puntos de venda do periódico](#)
[Subscrición á edición impresa](#)